

COMUNICACIÓN, LINGUAXE E LINGUAS

Recordades a principio de curso cando falamos das formas de comunicación e das distintas linguas que hai?

As persoas necesitamos comunicarnos. A **comunicación** é o proceso a través do cal lles facemos saber aos demais o que pensamos, sentimos, queremos... Podemos comunicarnos de moitos xeitos (con xestos, con imaxes, con sons), pero a forma de comunicación máis habitual entre as persoas é a **linguaxe**.

Cando nos comunicamos cos demais, facémolo sobre todo por medio da **linguaxe**. Utilizamos a linguaxe cando falamos cos demais e cando escribimos.

No mundo hai moitas **linguas** ou idiomas diferentes. Para que dúas persoas se entendan, é importante que as dúas dominen unha lingua común. En España fálanse varias linguas: o castelán, o éuscaro, o catalán... Nós falamos en galego.

Unha desas linguas que existen é a **LINGUA DE SIGNOS**

A **lingua de signos** é a linguaxe a través de xestos pola que se comunican as persoas con discapacidade auditiva e/ou dificultade na fala.

En España ten unha norma que a regula e que proporciona a posibilidade dun intérprete en **lingua de signos** para acudir ao médico, trámites oficiais, xuízos, etc. A **lingua de signos**, coñecida en España como LSE, Lingua de Signos Española, consiste nun sistema de xestos e expresións visuais.

Os primeiros indicios sobre o uso da lingua de signos datan do século XVII.

A día de hoxe non existe una lingua de signos universal, xa que cada país utiliza as súa propia (igual que pasa cos distintos idiomas).

Cada vez esta lingua é máis coñecida fóra da comunidade de persoas xordas. A cantante Rozalén, por exemplo, emprega esta linguaxe para acompañar as súas cancións. Se mirades o vídeo, veredes que a acompaña unha moza que interpreta a canción con xestos.

<https://www.youtube.com/watch?v=W2vn1ma-Rwg>

Queredes aprender a presentarvos con esta linguaxe? Isto é o que nos ensina o seguinte vídeo.


https://www.youtube.com/watch?v=bVqC_EvOLaI

En Aulas Galegas, a mestra Tareixa déixanos un vídeo de como preparar unha receita dun biscoito, explicado a través da LSE. Un biscoito de dúas cores en linguaxe de signos.

Podes ver o vídeo no seguinte enlace: <https://www.youtube.com/watch?v=SrIDYjLHEv4>

Agora xa podes escribir a receita e por suposto, tamén cociñalo. Bo proveito!!

Para recordar como se escribía unha receita podes consultar a páxina 110 do libro de galego, a páxina 118 do libro de “Lengua Castellana” e seguir o esquema que se recolle a continuación

<u>(nome da receita)</u>	
<u>Ingredientes</u> (son sete) - - - - -	 DEBUXO
<u>Preparación</u> (escribe os pasos do 1 ao 14)	